ADAPTACIÓN DAS NOF AO CONTEXTO COVID

Durante o presente curso 2020-21 cómpre facer unha adaptación das normas de organización e funcionamento do centro ao abeiro da nova situación que vivimos pola COVID-19 e os protocolos de actuación derivados dela.

Segundo isto, engádense como CONDUTAS LEVES contrarias á convivencia os supostos de incumprimento polo alumnado do uso da máscara nos tempos e lugares que sexan obrigatorios e o incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación do presente protocolo.

Cómpre, igualmente, revisar as normas de uso da aula virtual e videoconferencia, que non son outras máis ca a aplicación das normas habituais nunha aula/sesión presencial de clase trasladado ao mundo virtual.

En virtude da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, non está permitida a captación de imaxes, a gravación total e/ou parcial da imaxe, voz, opinións, declaracións, comentarios e/ou reaccións para a súa divulgación e/ou publicación de forma íntegra ou parcial en páxinas web, redes sociais e demais canles online e de comunicación.

Normas para conectarse a unha videoconferencia

1. Conectarse puntualmente á videoconferencia.
2. Utilizar o nome e apelidos do/a alumno/a para identificarse.
3. Ter conectada a cámara e o micrófono silenciado.
4. Estar coa actitude apropiada para unha sesión lectiva (atento/a, sen distraccións, sen chatear cos compañeiros/as, sen bocexar…) e cun aspecto presentable.
5. Atender as explicaciónes e impresións do profesorado e dos compañeiros/as coma se estiveran nunha aula convencional.
6. Non abandonar a videoconferencia nin desconectar a cámara, nin activar o micrófono se non se solicita a participación do alumnado.

Uso da aula virtual

1- Ter activada a aula virtual e consultala periodicamente.
2- Cumplir os prazos de entrega dos traballos.
3- Saber como enviar os documentos/traballos ao profesorado.
4- Non compartir o contrasinal con ninguén e evitar deixar as sesións abertas.
5- Non utilizar os medios de comunicación da aula virtual de forma inapropiada, unicamente para comunicarse co profesorado.
6- Enviar os correos e comunicación ao profesorado seguindo unhas normas apropiadas e nuns prazos/horarios sensatos.

Faltas leves:

Non acudir ás clases on line: faltas de asistencia ordinarias que deben xustificarse.

Falta de material ou mal uso: Non ter a cámara conectada, non ter o micrófono activado / silenciado…

Interromper, facer ruidos, molestar…

Faltas graves:

Compartir imaxes inapropiadas, comentarios inapropiados, enlaces, videos,etc

Utilizar as imaxes dos compañeiros/as ou dos profesores/as inadecuadamente (capturas de pantalla, photoshop, emoji, stickers, etc)

Editar clases gravadas para fins degradantes ou malintencionados tanto do profesorado como dos compañeiros/as.

Introducir persoas alleas ao centro ou ao grupo que está nunha clase virtual.

Presentarse a unha clase utilizando identificacións inapropiadas, falsas ou fakes.

Suplantación de personalidade.